



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

*Asunto: Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de "Centro de Día para persoas maiores" do Concello de Lousame.  
Expediente: 2024/G016/000003*

## **MEMORIA SOBRE A NECESIDADE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ASISTENCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE LOUSAME.**

**Primeiro.-** A participación das persoas usuarias no financiamento por asistencia e servizos complementarios do Centro de Día, está regulada na Ordenanza de prezo público pola prestación do servizo, aprobada en sesión plenaria do 20 de novembro de 2014, e publicada no BOP Nº 29 do 12 de febreiro de 2015.

**Segundo.-** O Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento nos art. 60.1.2, "*Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento art. 62.3 e 62.4 establece a participación dos usuarios no financiamento doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento.*

**Terceiro.-** Ante a necesidade de adaptar a actual ordenanza reguladora do prezo público do Centro de Día á normativa vixente, débese modificar dita ordenanza introducindo os seguintes aspectos:

**Determinación da capacidade económica das persoas usuarias,** de acordo ao establecido no artigo 60 do Decreto 99/12 do 16 de marzo atendendo os seguintes criterios:

../..

*"1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*2. Computarase, así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.*

*3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar."*

**Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo do centro de día de Lousame,** de acordo co establecido nos artigos 62.3 e 62.4 do Decreto 99/12 de 16 de marzo, sobre a participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento.

“ ../..

*3. Para o caso de servizos distintos aos referidos nos puntos 1 e 2 deste artigo e susceptibles pola súa natureza de incorporar un copagamento, os concellos poderán establecer sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia de conformidade co seguinte:*

*a) O servizo prestarase de formas gratuíta naqueles casos en a capacidade económica, calculada segundo o disposto no artigo 60 deste decreto, resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

*b) Para o resto dos supostos cada concello establecerá unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e os criterios de cálculo da capacidade económica regulados no artigo 60.*

*4. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.”*

*../*

Este cambio ten un impacto directo na Ordenanza reguladora do prezo público do Centro de Día que ten aprobada este concello, pois na mesma non se aplica o pagamento do servizo en función da capacidade económica das persoas usuarias, o que xustifica a súa modificación.

A modificación que se pretende consiste en establecer os criterios para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias e a súa participación no financiamento do servizo do centro de día de Lousame en función de dita capacidade.

En base ao anterior, considerase necesario realizar as seguintes modificacións no texto da actual ordenanza (as modificacións son aquelas que aparecen destacadas en cor verde):

Segundo os datos sobre a capacidade económica das persoas usuarias actuais, nos servizos asistenciais, onde se aplica a participación progresiva sobre a renda per cápita familiar prodúcese un decremento.

Nos servizos complementarios cos novos prezos, hai un incremento no copago das persoas que utilizan ditos servizos.

Polo que a tales efectos na mensuralidade total das persoas usuarias evidenciarase un lixeiro incremento no pago dos servizos.

Lousame, na data da sinatura dixital.  
A traballadora social.  
Natividad Hermo Santos.

## **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA:**

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES”**

#### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL**

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de “Centro de Día para persoas maiores”, centro de titularidade municipal.

#### **ARTIGO 2. CONCEPTO**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará pola prestación dos diferentes servizos prestados no “Centro de Día para persoas maiores” do Concello de Lousame.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

### **ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento das contías que se establecen como prezo público as persoas usuarias do “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame”. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

### **ARTIGO 4. RÉXIME ECONÓMICO DO PREZO PÚBLICO**

4.1 De acordo co establecido no Decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os prezos establecidos polo Concello de Lousame pola prestación dos servizos no “Centro de Día para persoas maiores” teñen a condición de ingresos de dereito público, serán aprobados polo Pleno do Concello e publicados no Boletín Oficial da Provincia.

4.2 Os prezos públicos pola prestación dos servizos no “Centro de Día para persoas maiores”, poderán variar anualmente, segundo a modificación dos índices económicos de aplicación ou, de ser o caso, pola publicación de normativas de rango superior que lle sexan de aplicación; entrando en vigor a modificación ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4.3 Do mesmo xeito, as variacións que afecten á capacidade económica das persoas usuarias vindicaranse dende o mes de xaneiro de cada ano; polo que as persoas usuarias deberán achegar en cada exercicio (do 1 ao 20 de xaneiro de cada ano), os documentos actualizados que acrediten a súa capacidade económica. No caso contrario, poderá procederse ao cobro da contía máxima prevista pola normativa.

4.4 O pagamento da contías do prezo público será mensual, e serán cargadas en conta, mediante domiciliación bancaria, nos primeiros 20 días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo.

4.5 Cando o ingreso da persoa usuaria no “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame”, teña lugar nos primeiros 15 días naturais do mes, liquidarase a contía mensual completa. Cando o ingreso da persoa usuaria no “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame” teña lugar entre o día 16 e o último do mes, liquidarase a metade da contía mensual.

4.6 Cando a persoa usuaria no “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame”, non asista o mes completo, aos efectos do cálculo da contía do prezo público, aplicaranse estas regras:

- Asistencia de até 11 días hábiles: Liquidarase a metade da contía mensual.
- Asistencia de 12 ou máis días hábiles: Liquidarase a contía mensual completa.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

4.7 No caso de baixa definitiva dunha persoa usuaria no “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame”, aos efectos do cálculo da contía do prezo público no mes da baixa definitiva, aplicaranse as regras contidas no artigo 4.6.

## **ARTIGO 5. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS**

De acordo ao establecido no artigo 60 do Decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, serán de aplicacións os seguintes criterios para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame”:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

## **ARTIGO 6. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DAS PERSOAS USUARIAS**

De acordo co establecido no art. 62 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento, o servizo prestarase de maneira gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do Indicador Público de Rendidas de Efectos Múltiples (IPREM). En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% de súa capacidade económica.

Para o resto dos supostos, o Concello de Lousame establecerá unha regulación progresiva da participación económica no custe do servizo atendendo ao seguinte:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria
Menor ou igual ao 80%	0,00%
Maior ao 80% e menor ou igual ao 90%	30,00%
Maior ao 90% e menor ou igual ao 101%	32,50%
Maior ao 101% e menor ou igual ao 113%	35,00%
Maior ao 113% e menor ou igual ao 126%	37,50%
Maior ao 126%	40,00%

Tendo en conta posibles variacións de índices económicos e normativas de aplicación, e/ou da situación económica familiar das persoas usuarias, todos eles factores que poden supoñer un cambio no tramo de renda e polo tanto na porcentaxe de participación no custe do servizo, levaranse a cabo anualmente as correspondentes actualizacións no copago das persoas usuarias.

## ARTIGO 7. PREZOS PÚBLICOS

Os prezos públicos que deberán achegar as persoas usuarias do “Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame” están determinadas segundo os servizos que empregan, establecéndose os seguintes prezos:

Asistencia	Importes (exento IVE)
Asistencia día completo (8 horas)	500,00€/mes
Servizos complementarios	Importe (exento IVE)
1 hora extra diaria mensual*	62,50€/mes
Horas soltas	6,00€/hora
Almorzo	25,00€/mes
Xantar	140,00€/mes
Merenda	25,00€/mes
Menús	6,27€/día
Transporte (1 viaxe ao día)	50,00€/mes
Transporte (2 viaxes ao día)	100,00€/mes
Viaxes soltos	6,00€/viaxe



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

\*A prestación do servizo complementario "1 hora extra diaria mensual" aplicarase de xeito excepcional por motivos de conciliación familiar e laboral, debidamente acreditados, e sempre que a organización do centro o permita.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

A entrada en vigor da presente ordenanza derroga a Ordenanza reguladora do prezo público publicada o 12 de febreiro de 2015 (BOP nº 29) e vixente ata dito momento.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.